

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de febreiro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e trinta minutos do día sete de febreiro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(103).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(104).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 10789/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 5.02.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar para financiar a realización dos cursos que deseguido se relacionan de acordo co establecido na ORDE do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Co-

munidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2014. (DOG. núm. 6 do 010.01.2013):

- ➔ Docencia da formación profesional para o emprego
- ➔ Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais

SEGUNDO.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

3(105).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO VIGO INTEGRA 2". EXPTE. 10788/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 5.02.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 5.02.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado "Vigo Integra 2", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2014 e 2015.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2014 e 2015, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Educación e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

4(106).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROXECTO "VIGO CAPACITA II". EXPTE. 10810/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 7.02.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 7.02.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Vigo Capacita II”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Solicitar á Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para 2014”.

TERCEIRO.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podían corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2014 e 2015, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

CUARTO.- Delegar no Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “Vigo Capacita II”.

5(107).- PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES PÚBLICOS Y EL AYUNTAMIENTO DE VIGO PARA EL DESARROLLO DE LA PLATAFORMA VIVIR LOS PARQUES”. EXPTE. 7492/446.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

6(108).- PLAN SE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, E DA SUPERVISIÓN TÉCNICA MUNICIPAL DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7195/307.

Visto o informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 6.02.14, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como supervisores técnicos municipais das obras da segunda fase do Centro Galego de Fotografía.

2º.- Nomear a Ádega da Costa González como coordinadora de seguridade e saúde para as obras da segunda fase do Centro Galego de Fotografía.

3º.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de construción da segunda fase do Centro Galego de Fotografía, redactado pola empresa COPCISA e informado favorablemente por Ádega da Costa González.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.